

**ABAU**  
**CONVOCATORIA ORDINARIA**  
**Ano 2024**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 08)**

O alumnado debe de responder a UNHA das catro preguntas da Proba. Se responde a máis preguntas só se avaliará a primeira que desenvolveu.

A **calificación da PREGUNTA é de 10 puntos**, que se e distribúen do seguinte xeito:

**PREGUNTA 1: 10 PUNTOS.**

**1.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Realidade e coñecemento en Platón*. **A calificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorárase a *comprensión* do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema; (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles; (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor; (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *República* Libro VII (514a-517b) de Platón deberá manifestar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto (algúns deles son: morada subterránea caverna, encadeados, luz, lume, liberación, curación da ignorancia, forzado a levantarse, incapaz de percibir, mirar hacia la luz misma, alegoría, claridad, ámbito intelixible, idea de Bien, causa de todas las cosas, ámbito visible, verdad, intelixencia) e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Platón e deste filósofo na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión semántica no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a solvencia e corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Realidade e coñecemento en Platón*, atenderá, entre outros contidos, á comprensión dos dualismos platónicos (mundo sensible, mundo intelixible), á función gnoseolóxica da “Idea” (Forma) e da dialéctica e os graos de coñecemento, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**1.2. Explique un dos tres temas.**

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**1.2.1.** Deste xeito, a cuestión *O liberalismo político de Locke*, atenderá entre outros contidos: á diferenza entre o Estado de Natureza e a sociedade civil, á relación entre a lei natural e a liberdade, a lei moral, a necesidade de comunidade e goberno civil, o poder lexislativo, a autconservación, a propiedade, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Os límites do coñecemento en Kant*, atenderá entre outros contidos: á concepción do Idealismo trascendental entre racionalismo e empirismo, ás fontes do coñecemento como sensibilidade e entendemento, o correspondente desenvolvemento de conceptos como “representación, intuición, entendemento, razón, *a priori*, *a posteriori*, xuízos”, á concepción do coñecemento *a priori*, as condicións do coñecemento científico, a (im)posibilidade da metafísica como ciencia, a condición da “razón pura”, dos xuízos sintéticos *a priori*, a necesidade do incondicionado, etc.” **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.3.** Deste xeito, a cuestión *O desenvolvemento contemporáneo do feminismo. Simone de Beauvoir*, atenderá entre outros contidos: á comprensión do fenómeno do feminismo como realidade social, a(s) forma(s) de feminismo(s) con especial atención á época contemporánea, identificación e explicación da proposta de feminismo en Simone de Beauvoir e a descrición do mesmo nas súas principais obras, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

## **PREGUNTA 2: 10 PUNTOS.**

**2.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Ética e política en Aristóteles*. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Ética a Nicómaco* (Libro I, 1094a-1094b) deberá manifestar unha axeitada comprensión da ética finalista de Aristóteles, á atención aos conceptos principais do texto (fin en si mesmo, Supremo Bien, Política, facultades, cidades, felicidade, bien vivir, bien estar, ser feliz”, etc.) e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento do autor e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Ética e política en Aristóteles*, atenderá entre outros contidos e ademais do sinalado no comentario, á comprensión da ética finalista e material en relación á “*pólis*” e a Política, a comprensión do “ser político” en relación ás virtudes éticas e á Felicidade e o Supremo Ben, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

## **2.2. Explique un dos tres temas.**

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade* atenderá, entre outros contidos, ás aportacións do Empirismo ao problema epistemolóxico da Filosofía Moderna, ás formas de experiencia como formas de impresións, ás ideas e impresións de reflexión, os coñecementos de feito e as relacións entre ideas, ás paixóns e ás emocións (emotivismo) verbo da noción de substancia e de cualidade, o problema do causalismo e da indución (inferencia), os

límites da regularidade da experiencia, a imposibilidade da metafísica, o escepticismo moderado, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Razón e progreso na Ilustración* atenderá, entre outros contidos, ás diferentes comprensións da “Razón” como facultade na Época da Ilustración e da súa importancia nas diversas posturas filosóficas ilustradas acerca do “progreso” nesa Época, o concepto de “Ilustración”, de “razón ilustrada”, autonomía e límites da razón, carácter “crítico” e condición analítica da razón, secularización da razón e a relixión natural, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Da “razón vital” (Ortega y Gasset) á “razón poética” (María Zambrano)*, atenderá entre outros contidos á explicar o significado de “razón vital” e a función contemporánea da filosofía verbo da “realidade radical” primeira e concreta (vida), tamén deberá explicar o significado da “razón poética” e o sentido estético-filosófico da proposta (metáfora) de Zambrano etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

### **PREGUNTA 3: 10 PUNTOS.**

**3.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Os límites do coñecemento en Kant.* **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento de *Os límites do coñecemento en Kant* deberá manifestar unha axeitada comprensión do significado epistémico da Ilustración a través do estatuto e alcance da “Razón pura” no proceso e problema do coñecemento: a relación entre a experiencia e o entendemento; o significado, sentido e función do *a priori*; a función das facultades do coñecemento e os tipos de xuízos, etc. O alumnado debe de ser quen de establecer unha axeitada contextualización da temática do texto no pensamento de Kant e deste na historia da filosofía con especial atención aos seguintes conceptos do texto: facultade de coñecer, experiencia, entendemento, representacións, impresións sensibles, empírico, a priori y a posteriori. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Os límites do coñecemento en Kant* atenderá entre outros contidos “á necesidade dos xuízos sintéticos a priori no Idealismo Trascendental da Filosofía Ilustrada” e o seu desenvolvemento na Crítica da Razón Pura: á importancia do correcto uso da Razón, canto Razón Pura, na Ilustración entendida como Filosofía Crítica en relación ao “dogmatismo” e ao “escepticismo” como estados de coñecemento; a (im)posibilidade da metafísica en relación á filosofía como ciencia; a importancia e insuficiencia da experiencia e a necesidade do *a priori* no coñecemento; a relación das facultades (intuición): sensibilidade e entendemento. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**3.2. Explique un dos tres temas:**

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3.2.1** Deste xeito, a cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*, atenderá entre outros contidos á comprensión da orixe do *logos* filosófico, á diferenza entre “mito” e “logos”, á noción de cosmos e cosmoxía, a noción de *arché* e os principais elementos de orixe (física e non física, única e plural) propostas polos diferentes autores da “presocrática”. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Platón: antropoloxía e política* atenderá, entre outros contidos, ao dualismo antropolóxico platónico, a metáfora da inmortalidade da alma e a reminiscencia, as formas de cidade-Estado e as súas clases sociais, ás nocións e valores da xustiza, etc. **Cualificación máxima 4 puntos**

**3.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*, atenderá entre outros contidos: á dimensión filosófica do suxeito na realidade social, á importancia da Ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de produción e sociedade de clases, o concepto de mercancía, o concepto de alienación e as súas formas, á *praxe* no Materialismo, o Materialismo histórico e materialismo dialéctico na Filosofía Alemana, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

#### **PREGUNTA 4: 10 PUNTOS.**

**4.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Hume, crítica das ideas de substancia e causalidade*. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Investigación sobre o coñecemento humano* (Sec. IV) de Hume deberá manifestar unha axeitada comprensión das aportacións do Empirismo na Filosofía Moderna, ás formas de experiencia, ás ideas e impresións de reflexión, así como o problema dos coñecementos de feito e as relacións entre ideas no relativo ao problema do causalismo e da inferencia como forma de coñecemento, aludindo por tanto aos conceptos principais do texto (experiencia, razoamentos de feito, conexión e inferencia, relación de causa e efecto, evidencia, inferencia, razoamentos *a priori*). **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*, atenderá entre outros contidos e ademais do sinalado no comentario, ao problema do causalismo e da indución, á regularidade das cuestións de feito, aos límites da experiencia en relación ao substancialismo, á diferenza entre modos e substancia, a regularidade da experiencia, o escepticismo moderado, a imposibilidade da metafísica, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

#### **4.2. Explique un dos tres temas:**

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**4.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Física e Metafísica en Aristóteles* atenderá, entre outros contidos, á relación entre estas dúas “ciencias” e o seu obxecto de reflexión, a problemática principal da Física en canto “ás nocións de causa e ás formas de cambio” así como a contextualización desta problemática como eixo da Filosofía Clásica. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.2.** Deste xeito, a cuestión *O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval*, atenderá, entre outros contidos, á comprensión da diferenza entre “verdades de fe” e “verdades de razón”, “coñecemento racional” e “coñecemento por revelación”, entre o fideísmo e o tomismo no Medioevo. etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.3.** Deste xeito, a cuestión *A crítica á cultura occidental en Nietzsche: nihilismo e transvaloración*, atenderá entre outros contidos á importancia do nihilismo e as súas formas como crítica á cultura: á crítica á filosofía platónica do “mundo verdadeiro”, á moral socrática, á metafísica tradicional e a epistemoloxía da representación, ao positivismo científico; o vitalismo, a vontade de poder, a verdade da metáfora, o superhome, o “eterno retorno” como xeitos de transvaloración, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**